

## **XI CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO” DE PRESENTACIÓNS INFORMÁTICAS E AUDIOVISUAIS**

A Dirección do I.E.S.”TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na XI Edición do Concurso de presentacións informáticas e audiovisuais “Ignacio López Bueno”. Os camelos, dromedarios, chamas, alpacas, guanacos e vicuñas son o principal medio de subsistencia de millóns de persoas en polo menos 90 países. Por iso, o tema escollido nesta ocasión son OS CAMÉLIDOS, propostos pola Organización de Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura como representantes do Ano Internacional.

Os nosos obxectivos son: coñecer e recoñecer a importancia dos camélidos na sociedade e no medio ambiente.

Por todo isto, animámoslos a participar na presente edición do concurso e rogámoslles transmitan esta información a tódolos departamentos didácticos.

### **BASES DO CONCURSO:**

#### **PARTICIPANTES:**

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de educación secundaria **ESO, BACHARELATO e CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

#### **TRABALLO:**

Consistirá nunha presentación informática ou audiovisual, que levará como título:

**“CAMÉLIDOS E SOCIEDADE”**

#### **VALORACIÓN DO TRABALLO:**

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico.
- O tratamento medioambiental do tema.
- A orixinalidade da presentación e dos contidos.
- Rigor nos aspectos tecnolóxicos e plásticos.

#### **ENTREGA DO TRABALLO:**

- Na Secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS”
- Por correo ordinario en formato CD ou DVD
- Por correo electrónico, poñendo como asunto: **XI Concurso de presentacións informáticas “Ignacio López Bueno”**

- Terá que constar o nome do alumno, o curso, o centro no que está matriculado, o nome do profesor encargado e os seus datos de contacto.

**ENDEREZOS:**

**IES "TERRA DE TRASANCOS", CAMIÑO REAL s/n C.P. : 15570 NARÓN.**

**[ies.terra.trasancos@edu.xunta.es](mailto:ies.terra.trasancos@edu.xunta.es)**

**DATAS DE PRESENTACIÓN:**

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día **23 de abril do 2018**.

**PREMIOS:**

**1 premio para alumnos de ESO** dotado con DIPLOMA e un vale de 120 euros canxeable por material didáctico e/ou escolar.

**1 premio para alumnos de Bacharelato e Ciclos** dotado con DIPLOMA e un vale de 120 euros canxeable por material didáctico e/ou escolar.

**ENTREGA DE PREMIOS:**

O fallo do concurso darase a coñecer o día **2 de maio do 2018** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web: [www.trasancos.net](http://www.trasancos.net) . A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo no Salón de Actos do centro o día **4 de maio do 2018 ás 12.10 da mañá**.

**XURADO:**

Estará constituído polos seguintes membros:

O director do centro, a Xefa do Departamento de Física e Química, unha profesora do Departamento de Tecnoloxía e un profesor do Departamento de Administración.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

**Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados en formato dixital e/ou impreso con fins didácticos.**

Narón, a 21 de febreiro de 2018



Asdo: Cristóbal LLano Alonso

Director